

## Lembranzas de Bergantiños, por Celestino Pérez Recarey

Celestino Pérez Recarey [CARBALLO MUNICIPIO](#)

En primeira persoa | Nos noventa, todos os rapaces do Nétoma-Razo expresábanse en galego, sen excepción

14 mai 2023

[https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/carballo/carballo/2023/05/14/span-langllelembrazas-bergantinos-celestino-perez-recareyspan/0003\\_202305C14C12995.htm](https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/carballo/carballo/2023/05/14/span-langllelembrazas-bergantinos-celestino-perez-recareyspan/0003_202305C14C12995.htm)

No curso escolar **1991-1992** impartía clases de lingua e literatura galega en 7.º e 8.º de **EXB** no colexio público **Nétoma-Razo de Carballo**. Todos os rapaces e rapazas, sen excepción, se expresaban na lingua propia de Galicia. Nese contexto escolar de **galegofalantes**, pretendía, entre outros obxectivos, que o alumnado conseguise unha maior competencia na expresión escrita. Así, ao alumnado 8.º pedíalle que realizasen semanalmente unha redacción, con tema libre e cunha extensión entre 25 e 50 liñas.

Entre as alumnas dese nivel educativo estaba **Helena**, unha rapaza de **Santa Mariña**, moi xeitosa e alegre. Redactaba bastante ben e case non tiña faltas de ortografía. Os primeiros textos que escribiu eran bastante intimistas, narrando situacións persoais relacionadas coas amigas e, sobre todo, cos amigos. Como eu me limitaba a mellorar a súa expresión escrita e non lle comentaba nada sobre o tema da narración, ela animouse a seguir expresando os seus pensamentos máis íntimos e persoais relacionados cos **rapaces que máis lle gustaban**.

Lembro unha redacción, realizada pouco antes de acabar ese curso, na que describía con moito detalle o namoradísima que estaba de **Antón**, un rapaz da parroquia de **Lema** que rematou a EXB o ano anterior e que entón estaba estudando no instituto Alfredo Brañas de Carballo. Segundo ela contaba, Antón organizou unha festa para celebrar o seu aniversario. A ese evento convidou aos amigos e amigas, entre as que estaba Helena. Despois de soprar as velas e cantárenlle o *Cumpleaños feliz*, puxeron música e comezaron a bailar. Helena bailou unha peza con Antón, unha desas que se bailan agarrados. El **arrimoulle a súa cara á dela** durante todo o tempo que durou a peza. Moi curta lle pareceu! Sentía que o corazón lle saía do peito de tanta emoción, explicaba ela. Nese intre quería que o baile non acabase nunca. Segundo relataba, ese era o home da súa vida.

Como antes aclarei, á hora de ler os seus textos só me ocupaba de corrixir os erros para mellorar a súa expresión escrita. Ante esta actitude miña de **non opinar sobre os temas das súas**

**narracións**, considerou que o seu profesor non era obstáculo para dar saída nos seus relatos a todas esas emocións que vivía con tanta intensidade.

Ao curso seguinte deixei ese centro e non volví saber de Helena, esquecéndome por completo do moito que contou nas súas redaccións.

No ano **2009** —dezasete anos despois— ese centro educativo celebrou o seu **25.º aniversario**. A directora convidoume a participar nunha festa conmemorativa onde asistiron autoridades, pais e nais de antigos e actuais alumnos e alumnas. Tamén estaban os membros do claustro actual e a maioría de profesores e profesoras que estiveron destinados no colexio. Foi unha xornada extraordinariamente fermosa de **reencontros e lembranzas** revividas de dezasete anos atrás. Pero o que máis me emocionou foi atoparme cos antigos alumnos e alumnas; estiveron con case todos e todas mantendo unhas longas paroladas e comentando anécdotas daqueles tempos de escola.

Os antigos profesores recibimos uns **agasallos conmemorativos** do aniversario. No patio cuberto do colexio había postos de venda de obxectos alusivos á efeméride, ao fronte dos cales estaban antigas alumnas. Neles podiamos atopar camisetas de varias cores e cun deseño alusivo ao acontecemento que se estaba a celebrar; figuras de barro feitas para a ocasión na Olería de Buño; obxectos realizados manualmente polas alumnas... En fin, había moito onde escoller e mercar.

### O segredo

Nun deses postos estaba Helena, a rapaza que escribía aquelas narracións tan íntimas e soñadoras. **Recoñecina nada más vela**, achegueime a ela, deille un par de bicos e, despois de mercarlle unha camiseta, pregunteille como lle foi a vida despois de deixar o colexio. Contestoume cun sorriso de orella a orella: «Como ti ben sabes, eu era moi **fantasiosa e namoradiza**; pois casei moi nova e xa teño tres fillos». Seguía igual de alegre que cando tiña 15 anos!

Non me atrevín a preguntarse se o pai dos seus fillos era Antón, aquel rapaz que tanto lle gustaba. Iso sería desvelar o **segredo que os dous tiñamos tan ben gardado durante tantos anos**.

### Uns apuntes biográficos sobre Celestino

Natural da localidade pontevedresa de San Benitiño de Lérez, aínda que afincado na Coruña, Celestino Pérez Recarey garda unha fonda vinculación con Bergantiños. En boa parte, polos seis anos que pasou como docente no CEIP de Nétoma-Razo, pero tamén polo seu labor á fronte do Centro de Formación e Recursos da Coruña. Con esa entidade promoveu cursos de actualización didáctica para profesorado da comarca, algúns deles en colaboración coa asociación Monte Branco ou coa Fundación Eduardo Pondal. Ten editado textos de didáctica ou do estudo da lingua galega, así como dous libros de narracións: *Andainas* (2022) e *Nomes propios* (2023), ambos con Toxosoutos.